



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 11 DE FEBREIRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día once de febreiro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 4 de febreiro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 4 de febreiro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Anuncio da Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto de aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2020, primeira fase. Figura no grupo 10, entre outros concellos, Cambre. (Boletín Oficial da Provincia número 23, do 4 de febreiro de 2020).
- Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto das bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas da provincia da Coruña no ano 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 23, do 4 de febreiro de 2020).
- Real decreto-lei 3/2020, de 4 de febreiro, da xefatura do Estado, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados, de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais. (Boletín Oficial do Estado número 31, do 5 de febreiro de 2020).

- Anuncio da Secretaría Xeral. Sección de Información e Actas da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto de aprobación das bases da convocatoria do programa de subvencións provinciais de concorrencia competitiva dirixida a entidades locais para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística de 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 24, do 5 de febreiro de 2020).
- Resolución número 2020/3843 da presidencia da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do “programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña durante o ano 2020” (FO221/2020). (Boletín Oficial da Provincia número 26, do 7 de febreiro de 2020).
- Resolución número 2020/3846 da presidencia da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do “programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2020” (FO206/2020). (Boletín Oficial da Provincia número 26, do 7 de febreiro de 2020).
- Resolución número 2020/3847 da presidencia da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do “programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte, durante o ano 2020” (FO106/2020). (Boletín Oficial da Provincia número 26, do 7 de febreiro de 2020).
- Resolución número 2020/3840 da presidencia da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do programa de socorrismo dirixido aos concellos de menos de 50.000 habitantes do interior da provincia da Coruña durante o exercicio 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 27, do 10 de febreiro de 2020).
- Resolución número 2020/3845 da presidencia da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria do “programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2020” (FO216/2020). (Boletín Oficial da Provincia número 27, do 10 de febreiro de 2020).
- Resolución do 19 de decembro de 2019, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2020-2021, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MR701E). (Diario Oficial de Galicia número 27, do 10 de febreiro de 2020).
- Orde do 7 de xaneiro de 2020, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento CT236A). (Diario Oficial de Galicia número 27, do 10 de febreiro de 2020).
- Orde do 8 de xaneiro de 2020, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento CT235A). (Diario Oficial de Galicia número 27, do 10 de febreiro de 2020).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 31 de xaneiro ao 6 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución da alcaldía número 165/2020 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 192/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
165/2020	31-01-2020	Declaración de deserto do procedemento de contratación dun médico especialista en valoración do dano personal no expediente de responsabilidade patrimonial 2019/C002/000159 incoado a instancia de dona CPS, funcionaria deste Concello, a consecuencia do accidente laboral sufrido con data de 20 de maio de 2016
166/2020	31-01-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 4 de febreiro de 2020
167/2020	31-01-2020	Autorización á Xunta Local da Asociación de Loita contra o Cancro para ocupar espazo público cunha mesa informativa na zona de ABANCA, o día 2 de febreiro de 2020, con motivo do Día Internacional do Cancro que se celebrará o vindeiro 4 de febreiro
168/2020	31-01-2020	APSV Programa municipal de lecer e diversidade funcional. Aprobación do programa e das súas condicións e inscrición
169/2020	03-02-2020	Outras Contratacións: Nomeamento docente impartición curso: "manipulación de alimentos" PROXEDIS-PROWEB 2019/2020
170/2020	04-02-2020	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a JMDV
171/2020	04-02-2020	Conceder a tarxeta estacionamento. Solicitante: JAST
172/2020	04-02-2020	Axuda por emerxencia social alimentos. Solicitante: TAMP
173/2020	04-02-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: RMB
174/2020	04-02-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: DCO
175/2020	04-02-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MAFS
176/2020	04-02-2020	Devolución de ingresos indebidos en concepto de taxa pola prestación da subministración de auga, sumidoiro, lixo e canon da auga feitos por JPR
177/2020	04-02-2020	Subvención para contratación dun/ha técnico /a de orientación laboral SPEG/2020
178/2020	05-02-2020	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela colindante á sita en Pombo, Pravio, Cambre. Propiedade: ALM
179/2020	05-02-2020	Aprobación do programa de actos e orzamento do Entroido en Cambre 2020
180/2020	05-02-2020	Axuda emerxencia social vale alimentos. Solicitante: SRR
181/2020	05-02-2020	Declaración de desistimiento de axuda farmacia NILG

182/2020	05-02-2020	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MALC
183/2020	05-02-2020	Cesamento de funcionario interino
184/2020	05-02-2020	Liquidación prezos públicos (A.R. nº 1) – Programa Municipal de Actividades culturais, outubro 2019-maio 2020
185/2020	05-02-2020	Convocatoria sesión extraordinaria Xunta de Voceiros 06.02.2020
186/2020	05-02-2020	Admitidos obradoiros e xogos no entroido 2020
187/2020	05-02-2020	Axudas por emerxencia social alimentos. Solicitante: AMCB
188/2020	06-02-2020	Redacción do proxecto básico e de execución para a instalación de iluminación LED no CF Lendoiro Barcala
189/2020	06-02-2020	Concesión de prazo dous días hábiles concretar proposta convocatoria pleno extraordinario
190/2020	06-02-2020	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con discapacidade a RPS
191/2020	06-02-2020	Conceder a licenza municipal para executar unha acometida eléctrica na vivenda unifamiliar sita na rúa Balado, Cambre. Solicitante: UFD DE, S.A.
192/2020	06-02-2020	Pagamento dereito indemnizatorio ao arrendatario existente por motivo da expropiación forzosa da estrada Cambre-Temple, Esquina rúa Carballo, 11 - Cambre

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación cos seguintes asuntos:

- Conclusión do expediente incoado para a redacción dun proxecto modificado da obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS + 2017 “*Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1*” . Expediente: 2017/C003/000005
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000004, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adjudicación , con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de intervención socioeducativa con xóvenes para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil a realizar na Casa da Xuventude-Casa Palmeiras do Concello de Cambre ,
- Proposta de adjudicación ao licitador A.V. Arquitectura y Construcción S.C. no prezo ofertado de 6.200,00 € sen IVE, (7.502,00 € IVE incluído), do servizo de redacción do proxecto básico e de execución para a obra de acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre. Expediente núm. 2019/C002/000365
- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000001, por procedemento negociado sen publicidade do artigo 168.a.1º da LCSP, correspondente aos servizos de representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada nas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre de data 16 de maio de 2019



- Adquisición gratuíta do nome comercial GALAICOI mediante cesión gratuíta da empresa Arxon Estratexia S.L., CIF B70240890. Expediente: 2020/C006/000001

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A.- Conclusión do expediente incoado para a redacción dun proxecto modificado da obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS + 2017 “Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1” . Expediente: 2017/C003/000005

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 7 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2017/C003/000005 para a adxudicación, por procedemento aberto multicriterio, da obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS + 2017 “Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1” , cun importe de execución por contrata de 1.799.999,98 euros IVE incluído.

Visto que, coa data do 27 de marzo de 2018, adxudicouse a obra á entidade “Ogmios Proyecto, S.L.”, no importe de 1.350.360,00 euros, IVE incluído, asinándose o contrato o día 12 de abril de 2018.

Visto o escrito presentado polo redactor do proxecto e director da obra, don Emilio Cortés Varela, o día 27 de marzo de 2019, rexistrado ao nº 0/1957, no que solicita autorización para a redacción dun proxecto modificado, motivado na necesidade de estudar unha serie de modificacións tanto na cimentación e estrutura como en fachadas, revestimentos exteriores e interiores, carpintería exterior e instalacións, ubicación de lucernarios e substitución de baranda de vidro por outra de aceiro.

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, (designado responsable do contrato de execución da obra segundo acordo da Xunta de Goberno local de data 27/03/2018), coa data do 5 de abril de 2019, no que fai constar que os motivos da solicitude formulada polo director da obra e redactor do proxecto poden dar lugar á redacción dun proxecto modificado, motivado en erros e omisións do proxecto orixinal , algúns dos cales non foi posible prever na súa redacción e que é necesario emendar para a correcta execución das obras, engadindo novas partidas e suprimindo outras, sen que se alteren as condicións esenciais da licitación e sen que implique repercusión económica ningunha, polo que propón que se autorice o procedemento para a realización dun proxecto modificado, sen que resulte necesaria a paralización da execución das obras.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre de data 21 de maio de 2019, aprobouse autorizar o inicio do expediente para a redacción dun proxecto modificado nº 1 para execución da obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS + 2017 “Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1” , procedendo a notificar ao contratista da obra (notificación da que consta o acuse de lectura con data do 21/05/2019), así como ao director da obra e redactor do proxecto (notificación da que consta o acuse de lectura con data do 23/05/2019), ademáis de dar traslado á Deputación Provincial da Coruña con data do 3 de xuño seguinte.

Visto que, con data do 14 de novembro de 2019, se presenta escrito por don Emilio Cortés Varela, rexistrado co nº 201999900001884, no que fai referencia a que, durante o desenvolvemento dos traballos de execución da

obra, e ao avanzar estes, non foi necesario aplicar novas partidas orzamentarias, resolvéndose o que previamente se tiña considerado que necesitaba un modificado dentro do proxecto orixinal, e que resulta innecesario tramitar tal modificado, polo que solicita que se leve a cabo a liquidación da obra na forma ordinaria, tendo en conta as variacións resultantes das medicións.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal con data do 14 de novembro de 2019, no que, á vista das anteriores circunstancias, propón que o Concello de Cambre proceda á anulación do procedemento incoado para a redacción do proxecto modificado, así como que se solicite da Deputación Provincial da Coruña unha prórroga para o prazo de xustificación da execución do investimento "Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1".

Tendo en conta que, con data do 15 de novembro de 2019, remitiuse á Deputación Provincial da Coruña un escrito de solicitude de prórroga para a xustificación do investimento da obra antedita, ao que se achegou o informe emitido polo arquitecto municipal con data do 14/11/2019 e que, con data do 3 de decembro seguinte asinou polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña unha Resolución pola que se concede ao Concello de Cambre unha prórroga do prazo de execución da obra "Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1" ata o 30 de xuño de 2020.

Tendo en conta que o expediente para a redacción do proxecto modificado foi incoado a pedimento do director da obra e redactor do proxecto, don Emilio Cortés Varela, que foi quen posteriormente, e por escrito rexistrado ao nº 201999900001884 o día 14 de novembro de 2019 desistiu da tramitación do citado proxecto modificado, toda vez que manifesta no citado escrito que "considero que a redacción do modificado non é o cauce adecuado para a tramitación de la liquidación, toda vez que non se producen cambios sustanciales de partidas de obra que requieran a elaboración de novas partidas con seus prezos contradictorios", polo que considera "innecesaria a tramitación do modificado presentado..."

Tendo en conta que coa presentación do citado escrito estase a producir un desistimento dun procedemento que foi incoado a instancia de parte, e que este desistimento conta co informe favorable do arquitecto municipal, que recoñece que se resolveu o que previamente se consideraba que necesitaba dun proxecto reformado, polo que resulta innecesario tramitar o modificado.

Tendo en conta o establecido nos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, segundo os cales :

"Artigo 93. Desistimento pola Administración.

Nos procedementos iniciados de oficio, a Administración poderá desistir, motivadamente, nos supostos e cos requisitos previstos nas Leis.

Artigo 94. Desistimento e renuncia polos interesados.

1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación formulouse por dous ou máis interesados, o desistimento ou a renuncia só afectará a aqueles que a formularon.

3. Tanto o desistimento como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. *A Administración aceptará de plano o desistimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, acudíndose no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados do desistimento ou renuncia.*

5. *Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interese xeral ou fóra conveniente substanciala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos do desistimento ou a renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”*

Tendo en conta, así mesmo e por aplicación analóxica, que o artigo 155 do RD Legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector Público, aplicable ao presente expediente de conformidade co establecido na Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, permite a renuncia da Administración á celebración dun contrato, ademais do desistimento do procedemento de adxudicación pola Administración.

Tendo en conta a normativa de aplicación ao presente expediente, RD Legislativo 3/2011 que aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, e artigos 93 e 94.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e mailo informe favorable emitido con data 7 de febreiro de 2020 pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral e máis do interventor da Corporación, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aceptar a renuncia formulada por don Emilio Cortés Varela mediante escrito rexistrado de entrada ao número 201999900001884 o día 14 de novembro de 2019, a quen, como redactor do proxecto e director da obra, e logo da súa solicitude, a Xunta de Goberno Local, en sesión do 21 de maio de 2019, tiña autorizado a redacción dun proxecto modificado nº 1 para execución da obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS + 2017 “Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1”

No escrito de renuncia fai constar que resulta innecesario tramitar o modificado porque durante o desenvolvemento dos traballos de execución da obra, advertiuse que non foi necesario aplicar novas partidas orzamentarias, resolvéndose o que previamente se considerou que precisaba da redacción dun proxecto reformado, polo que resulta innecesaria a súa tramitación, puidéndose aprobar as variacións resultantes das medicións da obra mediante a aprobación da correspondente liquidación da obra.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 94.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e analóxicamente no artigo 155 do Texto Refundido da Lei dos contratos das Administracións Públicas, (de aplicación ao presente expediente de modificación, consonte á Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014), declarar concluído o procedemento cuio inicio foi acordado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre con data do 21 de maio de 2019, para a redacción dun proxecto modificado nº 1 para execución da obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), POS + 2017 “Casa da Cultura de Cambre. Proxecto básico e de execución. Modificado febreiro 2017. Fase 1” .

Terceiro: Notificar o presente acordo á entidade adxudicataria “Ogmios Proyecto, S.L.” e máis ao director da obra don Emilio Cortés Varela, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaloo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Cuarto: Dar traslado dos presentes acordos á Deputación Provincial da Coruña, así como ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, que foi designado responsable do contrato, e máis ao Departamento de Intervención, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B.- Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000004, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación , con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de intervención socioeducativa con xóvenes para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil a realizar na Casa da Xuventude-Casa Palmeiras do Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 6 de febreiro de 2020, elaborouse polo animador xuvenil, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas municipal e do concelleiro-delegado de Cultura, Deportes e Xuventude , o informe técnico relativo á proposta para iniciar expediente de contratación , aos criterios de valoración , solvencia esixible aos licitadores , condicións especiais de execución e réxime de penalizacións do contrato para a contratación do servizo de intervención socioeducativa con xóvenes para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil a realizar na Casa da Xuventude-Casa Palmeiras do Concello de Cambre , cun valor estimado de 98.982,68 euros e un orzamento base de licitación de 65.988,45 euros .

Nesa mesma data do 6 de febreiro actual, asínase polo animador xuvenil, coa conformidade do coordinador de actividades culturais e educativas municipal o prego de prescricións técnicas regulador da prestación do servizo, e maila memoria xustificativa da necesidade , idoneidade , insuficiencia de medios , motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento.

Consta Informe de Intervención asinado o 5 de febreiro de 2020 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 337.22608

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos , de data 6 de febreiro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado , de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría xeral e máis do interventor municipais, de data 10 de febreiro de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO :

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar cumprimento ás competencias municipais en materia de ocupación do tempo libre e promoción da cultura, conforme se estipula no artigo 25.2. l) e m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no art. 34.1.c) da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de Mocidade de Galicia, que cita como competencia municipal en materia de mocidade a creación, o mantemento e a xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á mocidade que se consideren necesarios para garantir unha política integral de mocidade, polo que o presente contrato cumpre cos obxectivos de fomentar entre a mocidade do municipio un aproveitamento máis racional do lecer e do tempo libre, así como a promoción de hábitos de consumo cultural e de poñer ao dispor dos xovenes do municipio as infraestruturas que axuden á consecución dos obxectivos, esto tendo en conta a insuficiencia dos medios personais e materiais cos que conta o Concello de Cambre para poder levar a cabo este programa tan específico, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C004/000004, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adjudicación , con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), correspondente ao servizo de intervención socioeducativa con xóvenes para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil a realizar na Casa da Xuventude-Casa Palmeiras do Concello de Cambre , cun valor estimado de 98.982,68 euros e un orzamento base de licitación de 65.988,45 euros, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 337.22608, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de

membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por :

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

O coordinador de actividades culturais e educativas municipal don José Luis Martínez Názara, e como suplente, o animador deportivo don Miguel Gamallo Ponte

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C.- Proposta de adxudicación ao licitador A.V. Arquitectura y Construcción S.C. no prezo ofertado de 6.200,00 € sen IVE, (7.502,00 € IVE incluído), do servizo de redacción do proxecto básico e de execución para a obra de acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre. Expediente núm. 2019/C002/000365

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 12/09/2019 elaborouse polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, o documento de prescricións técnicas para a contratación de servizo consistente na redacción do proxecto básico e de execución da obra de “acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre”, cun orzamento de 7.502,00 €, IVE incluído.

Con data 16/09/2019 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo coordinador de actividades culturais e educativas, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude e pola

concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, no que se motiva a necesidade desta contratación nas competencias propias do Concello en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e da ocupación do tempo libre , así como de promoción da cultura que recolle o artigo 25.2, apartados l) e m) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, e na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, por razóns de interese público que aconsellan acondicionar a pista polideportiva do colexio Wenceslao Fernández Flórez debido á súa deterioración, por se tratar dunha instalación moi utilizada tanto polos escolares como polos diferentes clubs, asociacións e pola cidadanía en xeral, e tendo en conta que, debido á especificidade do servizo, considerase necesario a contratación de profesionais especializados para a realización do proxecto para a obra de referencia; isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP .

A necesidade da contratación complementábase co informe emitido polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito con data do 12/11/2019, que indica que os servizos técnicos municipais do área de urbanismo soportan unha carga de traballo que fai totalmente inviable que poidan dedicarse á realización de proxectos de obras municipais que superen as esixencias básicas das denominadas “Descricións Técnicas”, tendo en conta que este “Proxecto básico e de Execución”, deba conter a documentación sinalada no Código Técnico da Edificación, parte 1, anexo 1 (Real Decreto 314/2006) e para o cal os medios existentes no área, tanto materiais como personais, resultan inadecuados e insuficientes, polo que considera totalmente necesaria e imprescindible a contratación externa do servizo de referencia.

Con data 23/09/2019 emítese informe de fiscalización favorable nº 262/2019 polo interventor municipal, no que se constata a existencia da emisión de documento contable de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 342.227.06, e de que os licitadores aos que se ten previsto solicitar oferta non superan os 15.000 euros en servizos dentro do exercicio orzamentario.

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 17/10/2019 emítese informe polo coordinador de actividades culturais e educativas no que consta que foron invitados os seguintes licitadores:

- José Carlos Rama Mirás
- AV Arquitectura y Construcción S.C.
- Cambre Consulting Arquitectura y Topografía S.L.

e que presentaron oferta os licitadores que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
José Carlos Rama Mirás	6.500,00 €	7.865,00 €
A.V. Arquitectura y Construcción S.C.	6.200,00 €	7.502,00 €

formulando proposta de adxudicación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución para o acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre, á entidade A.V. Arquitectura y Construcción S.C., con NIF J-7031----, e domicilio na Praza do Mosteiro,nº4, 15660, Cambre, no prezo ofertado de 6.200,00 € sen IVE, 7.502,00 € IVE incluído, por ser a licitadora que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede e o informe favorable emitido pola técnica de Xestión de Administración Xeral de data 10 de febreiro de 2020, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e da ocupación do tempo libre , así como de promoción da cultura, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento de prescricións técnicas do servizo correspondente á redacción do proxecto básico e de execución para a obra de acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre, elaborado con data 12/09/2019 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, cun orzamento de 7.502,00 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 342.227.06

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000365, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, quedando motivada a necesidade do contrato no exercicio das competencias propias do Concello en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e da ocupación do tempo libre , así como de promoción da cultura que recolle o artigo 25.2, apartados l) e m) da Lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, e na Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no artigo 118.1 LCSP.

Cuarto: Rexeitar a oferta presentada polo licitador José Carlos Rama Mirás, por exceder do orzamento base de licitación, esto de conformidade co establecido no artigo 139 da Lei 9/2017 de contratos do sector público e artigo 84 do Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro, en virtude dos cales as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e *“Se algunha proposición...excedese do orzamento base de licitación...será desbotada pola Mesa en resolución motivada”*.

Quinto: Adjudicar o contrato do servizo de redacción do proxecto básico e de execución para a obra de acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre, á entidade “Antonio Vázquez Arquitectura y Construcción S.C.”, con NIF J-7031----, e domicilio na Praza do Mosteiro,nº4, baixo , 15660, Cambre, no prezo ofertado de 6.200,00 € sen IVE, 7.502,00 € IVE incluído, por ser a única licitadora admitida e formular a súa oferta sen atoparse incurso en presunción de resultar anormalmente baixa.

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sétimo: Designar como responsable do contrato ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notifíquese ao arquitecto municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención e ao coordinador de actividades culturais e educativas, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Aprobación do expediente de contratación núm. 2020/C004/000001, por procedemento negociado sen publicidade do artigo 168.a.1º da LCSP, correspondente aos servizos de representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada nas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre de data 16 de maio de 2019

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Pleno do Concello de Cambre, con data do 16 de maio de 2019, en sesión extraordinaria, adoptou o acordo que a seguir se transcribe :

“Primeiro : *Proceder a unha conciliación previa por vía civil, dándolle a “Alternativa dos Veciños” a oportunidade de retractarse das acusacións que se derivan das expresións “recualificación ilegal de solo rústico” e “pelotazo urbanístico que atenta contra a legalidade vixente” , vertidas nos panfletos distribuídos polos domicilios deste municipio, en relación coa modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento de Cambre no ámbito da N-VI, redactado pola entidade “Oficina de Planeamento, S.A.”, e esixirlle a publicidade da retracción nos mesmos medios e polo mesmo prazo utilizado para verter as acusacións.*

Segundo : *No seu defecto, interpoñer as accións penais pertinentes por delicto de calumnia e subsidiariamente por inxurias ao Concello de Cambre como institución.*

(...)

Cuarto: *Proceder a contratar os servizos dun despacho de avogados para levar a cabo o indicado".*

Como consecuencia deste acordo, o Concello de Cambre aprobou e tramitou o expediente nº 2019/C004/000022, para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, de apreciación automática), correspondente aos servizos de representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada nas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre de data 16 de maio de 2019, dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes (Lote nº 1 : Defensa xurídica e asistencia letrada, e Lote nº 2 : Representación procesual), cun valor estimado total para os dous lotes de 5.134,18 euros e un orzamento base de licitación total para os dous lotes de 6.212,36 euros, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159 e concordantes da LCSP.

O antedito expediente foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente de data 28 de novembro de 2019, publicándose o anuncio de licitación, xunto cos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP, no Perfi de Contratante do Concello de Cambre, ubicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data do 29/11/2019.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, que remataba o día 16 de decembro de 2019, emitíuse o 18/12/19 certificación pola secretaria xeral da Corporación, co visto e prace da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, na que se transcribe informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, que fai referencia a que non se presentou ningunha oferta durante o prazo establecido para o efecto.

Á vista do anterior, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de decembro de 2019 declarouse deserto o expediente, publicándose o correspondente acordo no Perfil de Contratante con data do 27 de decembro seguinte.

Con data do 23 de xaneiro de 2020, díctase Providencia pola concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, na que se acorda que *polo Departamento de Secretaría-Contratación, se proceda á elaboración dos documentos que poidan resultar necesarios para incoar, de xeito inmediato, un novo expediente contractual a tramitar por procedemento negociado, para adxudicar os servizos de representación e defensa xurídica que resultan dos acordos adoptados polo Pleno do Concello de Cambre de data 16 de maio de 2019 , incluíndo a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, así como os informes que poidan resultar precisos para o inminente inicio do expediente, esto tendo en conta que no procedemento aberto simplificado incoado non se presentou oferta ningunha e que a lexislación contractual permite acordir ao procedemento negociado sen publicidade nos contratos de servizos nos que non se presentase ningunha oferta (art. 168.a.1º LCSP).*

Consta Informe de Intervención asinado o 23 de xaneiro de 2020 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2020 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.22604

Con data do 24 de xaneiro de 2020 asínanse pola técnica de xestión de Administración xeral a Memoria xustificativa da necesidade da contratación, así como o informe técnico relativo aos criterios de solvencia, valoración, condicións especiais de execución do contrato e penalidades administrativas, e mailos pregos de prescricións técnicas particulares para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade a

representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada, dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes, e cun orzamento base de licitación total de 6.212,36 euros, e un valor estimado total de 5.134,18 euros.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa conformidade da Secretaría xeral e máis do interventor municipais, de data 10 de febreiro de 2020, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar cumprimento ao acordo adoptado polo Pleno da Corporación con data 16 de maio de 2019, en defensa da imaxe e dignidade do Concello de Cambre como institución, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C004/000001, por procedemento negociado sen publicidade do artigo 168.a.1º da LCSP, correspondente aos servizos de representación procesual, defensa xurídica e asistencia letrada nas actuacións derivadas do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Cambre de data 16 de maio de 2019, dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes (Lote nº 1 : Defensa xurídica e asistencia letrada, e Lote nº 2 : Representación procesual), cun valor estimado total para os dous lotes de 5.134,18 euros e un orzamento base de licitación total para os dous lotes de 6.212,36 euros, isto a teor do establecido nos artigos 168.a.1º), 145 e concordantes da LCSP, debido á falta de presentación de ofertas no expediente nº 2019/C004/000022 anteriormente incoado para adxudicación por procedemento aberto simplificado do mesmo contrato.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 920.22604, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación, formulando invitacións a participar no procedemento cando menos a tres licitadores capacitados para a realización dos correspondentes lotes que integran o contrato, de conformidade co establecido nos artigos 169, 170 e concordantes da LCSP.

Sexto: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E.- Adquisición gratuíta do nome comercial GALAICOI mediante cesión gratuíta da empresa Arxon Estratexia S.L., CIF B70240890. Expediente: 2020/C006/000001

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de febreiro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data de 1 de febreiro de 2020 rexistrouse de entrada, ao número 202099900000168, solicitude a instancia de dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do grupo municipal do Partido Popular, á que achega escrito asinado, ademais de por ela, polo Concelleiro do grupo municipal do Partido Popular don Juan Abalo Castex, o Concelleiro do grupo municipal de Alternativa dos Veciños don Raúl Varela Fraguío, a Concelleira do grupo municipal Ciudadanos dona María José García Hidalgo, a Concelleira de Esquerda Unida-Son en Común e o Concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego mediante o que solicitan a comparecencia do Señor Alcalde para dar as debidas explicacións aos veciños e ao resto da Corporación Municipal sobre *“porque todos os dereitos económicos sobre o GALAICOI están a nome dunha empresa privada, así como tamén a propia titularidade do nome comercial, e non do Concello de Cambre, como patrimonio de todos os veciños e veciñas.*”

Depuración das responsabilidades políticas que poidan derivarse de tal feito.

Información e debate sobre os puntos primeiro e segundo e sobre as medidas que debe adoptar o Concello de Cambre para devolver a Cambreses e Cambresas a titularidade do GALAICOI”.

Consultados os citados datos na Oficina Española de Patentes e Marcas consta, tal e como tamén se achega ao citado escrito, como titular do nome comercial SN0401129 (5) – GALAICOI a empresa ARXON ESTRATEXIA S.L.

Respecto da GALAICOI cabe recordar que, coa base competencial que lle atribúen os apartados h) - “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local” e l) – “promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” – do artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, no ano 2016 e a través da Concellería de Cultura, Tradicións Populares e Deportes, o Concello de Cambre puxo en marcha a I Romaría Galaico - Romana “Galaicoi”, co fin de celebrar unhas xornadas festivas onde se puxese en valor o patrimonio arqueolóxico e o legado histórico dos antigos poboadores de Cambre, a través da recreación do mundo galaico - castrexo e do mundo romano.

Esta I Romaría “GALAICOI” resultou un rotundo éxito, cumpríndose os obxectivos que se pretendían alcanzar relativos á transmisión ao ideario colectivo da importancia do patrimonio arqueolóxico do núcleo de Cambre, mesmo ao supoñer o descubrimento dunha das partes fundamentais deste patrimonio, o Castromaior para moita da cidadanía que participou na Romaría, sendo a participación veciñal moi elevada, tanto a nivel individual como colectivo, cunha activa presenza das asociacións cidadás do concello, constatándose tamén a asistencia dun bo número de visitantes foráneos/as. De aí que viñera celebrándose no mes de xullo en anos consecutivos ata a actualidade.

Á vista do anterior, tendo en conta a disposición do titular do dereito de efectuar a súa cesión gratuita ao Concello de Cambre reintegrándolle o importe das taxas devengadas pola inscrición no Rexistro de Marcas, polo Señor Alcalde dítase providencia con data de 5 de febreiro de 2020 na que considera suficientemente motivada a necesidade de adquirir o nome comercial GALAICOI, solicitando informe da Secretaría ao efecto.

Previos os trámites oportunos, con data de 10 de febreiro de 2020 emitíse informe proposta favorable pola técnica de xestión de administración xeral adscrita a Patrimonio, coa conformidade da Secretaria Xeral.

Por todo o exposto, tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de

Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aceptar a cesión gratuita efectuada por ARXON ESTRATEGIA S.L., CIF B70240890, da titularidade do nome comercial GALAICOI nos termos descritos na Resolución de concesión parcial emitida pola Oficina Española de Patentes e Nome comercial con data de 17 de setembro de 2019 (expediente N0401129(5)), de conformidade co establecido no artigo 46.2 da Lei 17/2001, de 7 de decembro, de Marcas.

Segundo: Abonar a ARXON ESTRATEGIA S.L., CIF B70240890, a cantidade de 405,77 euros polos gastos derivados da inscrición no Rexistro de Marcas (368,99 euros de taxa por "solicitud internet marca ou nome por clase" e 36,78 euros de taxa por "oposiciones internet").

Terceiro: Proceder á formalización do contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil do Contratante do Concello de Cambre – Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado; isto, de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto: Proceder á incrición do Nome Comercial transferido, GALAICOI, no Rexistro de Marcas cuxa levanza corresponde á Oficina Española de Patentes e Marcas a favor do Concello de Cambre; isto, de conformidade co establecido no artigo 1.2 e 34 da Lei 17/2001, de 7 de decembro, de Marcas (por remisión do seu artigo 87.3).

Quinto: Proceder, así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 1.2 e 34 da Lei 17/2001, de 7 de decembro, de Marcas, á inscrición como Marca mixta composta de denominación e logo do signo distintivo que a continuación se representa:



Sexto: Proceder á inscrición no Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Cambre das propiedades incorporais anteriormente descritas, de conformidade co establecido nos artigos 32.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e 17.1 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia